

LINGUA GALEGA E LITERATURA - 2.º ESO - IES ALEXANDRE BÓVEDA - 2025/2026

Profesora: Trini Pérez (trinidadperezgarcia@edu.xunta.gal)

1. MATERIAIS

- a. Cada alumna/o debe ter un caderno para todo o curso. Non se admiten follas soltas, nin follas en carpetas ou archivadores.
- b. Libro de texto: Obradoiro-Santillana 2.º ESO.

Como materiais esenciais de traballo diario, o alumnado debe traer o libro e mais o caderno a todas as clases. Non traer o material será motivo de sanción.

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- a. Trimestrais
 - i. Exame: 60 %.
 - ii. Lectura obrigatoria: 10 %.
 - iii. Traballo diario: 15 %.
 - iv. Oralidade: 15 %. Dentro deste apartado, a produción espontánea na aula, isto é, o uso diario da lingua galega, avaliarase cun 5 % e as producións pautadas (exposicións, actividades...) avaliaranse cun 10 %.
- b. Avaliación ordinaria
 - i. 1.º trimestre: 30 %.
 - ii. 2.º trimestre: 30 %.
 - iii. 3.º trimestre: 40 %.

A nota media ponderada obterase a partir da nota numérica do boletín.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter, como mínimo, unha nota media de 5 puntos. Nas tres avaliacións a nota será á alza a partir da oitava décima (4,8 = 5).

Na avaliación ordinaria a nota será á alza a partir do quinto decimal (4,5 = 5).

A suba da nota virá condicionada pola traxectoria de cada alumna e alumno ao longo do curso.

3. RECUPERACIÓN

A recuperación levarase a cabo nas últimas semanas do curso.

O alumnado que non lograra a final de curso unha cualificación igual ou superior a 5 deberá realizar unha recuperación ordinaria (de toda a materia ou da materia non superada, segundo o caso e como así o decida a profesora).

Unha vez realizada a recuperación ordinaria, a cualificación final sairá do cálculo ponderado da nota obtida nestas dúas partes segundo o seu peso: proba escrita (80 %) e actividades relacionadas cos apartados ii, iii e iv da cualificación trimestral (20 %).

4. LECTURAS OBRIGATORIAS

O alumnado lerá obrigatoriamente un mínimo de 3 libros ao longo do curso.

Realizarase unha proba individual de comprobación de lectura de cada un dos libros, ou un traballo.

As lecturas obrigatorias indicaranse na aula virtual, ademais de anunciarlas na clase.

5. LECTURAS VOLUNTARIAS

Hai a posibilidade de realizar lecturas voluntarias cada trimestre que poderán mellorar a cualificación da avaliación ata un máximo de 0,5 puntos, atendendo aos criterios marcados pola profesora na aula virtual da materia.

6. TRABALLOS VOLUNTARIOS

Hai a posibilidade de realizar traballos voluntarios cada trimestre que poderán mellorar a cualificación da avaliación ata un máximo de 0,5 puntos, atendendo aos criterios marcados pola profesora na aula virtual da materia.

Tamén se consideran traballos voluntarios a participación en actividades organizadas polo departamento de Galego, en concursos literarios ou similares e noutras organizadas polo Equipo de Biblioteca, o EDLG ou calquera outro equipo ou club do centro, mentres ditas actividades se axusten ao que se agarda da nosa materia. Poden ser tanto orais como escritos.

7. DATAS IMPORTANTES

Están marcadas nas respectivas aulas virtuais dos cursos:

- [2.º ESO B](#)
- [2.º ESO D](#)